

ANUNCIO

O tribunal de selección do proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción libre, mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de condutor/a tractorista incluída na OEP do Concello de Fene do ano 2021, segundo as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local do 07.11.2024, nomeado mediante Resolución de alcaldía 196/2025, de data 26.02.2025, en sesión do 29.07.2025 acordou:

Primeiro.- En base à solicitude de David Permuy Rio de data 27.05.2025 có núm. de rexistro 202599900001408 procédese a revisar as preguntas 4, 18, 21,24, 46, 48 e 50 do terceiro exercicio (test), e adoptanse os seguintes acordos:

Pregunta 4.- ¿Call é a sanción por utilizar o móbil, suxeitado coa man, mentras se está detido nun semáforo en bermello?

- a) Multa de 200 € e perda de 4 puntos
- b) Multa de 200 € e perda de 6 puntos**
- c) Multa de 200 € e perda de 3 puntos

O tribunal dictamina que a pregunta 4 si está dentro dun temario de infraccións administrativas e penais na conducción. Sen dúbida no temario publicado o tema 9 refírese según se recoñece nas alegacións ás infraccións administrativas e penais e polo tanto aos seus tipos e cales son. Porque constitúe unha infracción administrativa de tráfico O uso do teléfono móbil suxeitado coa man, aínda que o vehículo estea detido temporalmente (por exemplo, nun semáforo), considérase condución a efectos legais, e por tanto: Vulnera a normativa de tráfico, concretamente: En España: artigo 13.3 do Texto Refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade viaria. Tipifícase como infracción administrativa grave, sancionada con: 200 euros de multa 6 puntos do permiso de conducir (tras a reforma de 2022).

Confírmase que a resposta correcta é a b.

Pregunta 18.- ¿Qué é o "coeficiente de corte" do brazo desbrozadora e cómo se calcula?

- a) É a relación entre a velocidade de corte e a velocidade de avance do tractor, e se calcula en función da potencia do motor.
- b) É a relación entre a velocidade de corte e a velocidade de avance do tractor, e se calcula en función da resistencia da vexetación.**
- c) É a relación entre a velocidade de corte e a velocidade de avance do tractor, e se calcula en función da anchura de corte.

O coeficiente de corte do brazo rozadora é un indicador do rendemento e eficiencia do corte ao usar esta ferramenta, e refírese a:

Relación entre a velocidade de corte (rpm ou velocidade lineal das coitelas) e a velocidade de avance do tractor. Este coeficiente permite determinar se a máquina está a rozar eficazmente ou se pode deixar restos sen cortar ou sobrecargar o sistema.

¿Como se calcula?: Considérase a resistencia da vexetación (altura, densidade, tipo de plantas). En base a esa resistencia, axústase a velocidade de avance e a velocidade de corte para lograr un corte efectivo e seguro. Un coeficiente baixo pode indicar un corte ineficaz; un coeficiente moi alto pode supoñer un desgaste excesivo ou perigo para a máquina. Por tanto, aínda que as outras opcións mencionan factores reais (como a anchura de corte ou a potencia do motor), a resistencia da vexetación é o factor determinante para calcular este coeficiente correctamente.

Confírmase que a resposta correcta é a b.

Pregunta 21.- ¿Qué tipo de humidade relativa é a máis adecuada para o almacenamento de maquinaria en zonas costeiras?

- a) 30-40% para evitar condensación.**
- b) 50-60% para equilibrar corrosión e sequedade.
- c) 70-80% para lubricación natural.

A porcentaxe de humidade relativa máis adecuada para o almacenamento de maquinaria en zonas costeiras é: Entre 50% e 60% de humidade relativa (HR) Este rango é ideal porque: prevén a corrosión en superficies metálicas, que se ve fortemente acelerada en presenza de humidade e sal mariña, evita o crecemento de fungos ou mofo en compoñentes non metálicos (como gomas, plásticos ou téxtiles), protexe compoñentes eléctricos e electrónicos da condensación e a deterioración.

Posto que a resposta a dí 30/40% e a b 50/60%, **o tribunal acorda rectificar a resposta, sendo a correcta a opción b.**

Pregunta 24.-¿Qué sistema debe purgarse antes de almacenar unha máquina con transmisión hidrostática?

- a) O circuito de refrixeración.
- b) O sistema hidráulico para evitar presión residual.**
- c) Ambas son incorrectas

Nunha máquina con transmisión hidrostática, o movemento transmítese mediante un sistema hidráulico de alta presión. Antes de almacenar este tipo de maquinaria, é importante purgar o sistema hidráulico para: Eliminar a presión residual, que pode ser perigosa se se manipulan compoñentes do sistema. Evitar danos aos compoñentes hidráulicos por acumulación de presión durante o almacenamento. Previr fugas ou fallos ao volver poñer a máquina en funcionamento. Os outros sistemas tamén poden requirir mantemento, pero en relación específica coa transmisión hidrostática, o sistema hidráulico é o que debe purgarse.

Confírmase que a resposta correcta é a b.

Pregunta 46.- Circulando co seu camión de gran tonelaxe e dimensións por unha estrada convencional. Estaría obrigado a indicar ao condutor do vehículo que pretende adiantarche, que pode facelo?

- a) Si, sempre.
- ☒ b) Non.
- ☒ c) **Si, naqueles ocasións nas que non poida cinguirme por completo ao bordo dereito da calzada, pero con todo o adiantamento pode efectuarse con seguridade**

O art. 86 **R.G.** Circulación, nos seus apartados 1 e 3, promove o bo comportamento dos condutores de vehículos pesados ao obrigarlles a indicar a posibilidade de ser adiantados estendendo o brazo **horizontalmente** e movéndoo repetidas veces de atrás adiante, co dorso da man cara a atrás, ou poñendo en funcionamento o intermitente dereito, cando non crea conveniente facer o sinal co brazo. Tamén debe minorar a marcha ou apartarse canto antes á beiravía, se é **practicable**. Co cal vemos que ao facelo pode afectar a outros condutores obrigados a circular pola beiravía ou mesmo poñer en perigo a estabilidade dun camión.

Confírmase que a resposta correcta é a ☒ c.

Pregunta 48.- ¿Qué é o "espazo de seguridade" e cómo se calcula?

- a) É a distancia entre o vehículo e o obstáculo, e calcúlase en función da velocidade e a distancia de freado.
- ☒ b) **É a distancia entre o vehículo e o vehículo que o precede, e calcúlase en función da velocidade e a distancia de freado.**
- c) É a distancia entre o vehículo e o bordo da estrada, e calcúlase en función da velocidade e a distancia de freado.

O espazo de seguridade é a distancia mínima necesaria entre o teu vehículo e o que circula diante (ou ao redor) para poder reaccionar, frear e evitar unha colisión en caso de imprevistos. Este concepto é fundamental para unha condución segura, xa que proporciona a marxe de manobra necesario ante calquera emerxencia (freada brusca, obstáculo na vía etc.)/ etc.).

Explicación: O espazo de seguridade frontal é especialmente importante e refírese á distancia co vehículo que vai adiante. Calcúlase tendo en conta: A velocidade á que se circula (canto maior é, maior debe ser o espazo). O tempo de reacción do condutor. A distancia de freado do vehículo (que depende do estado dos freos, neumáticos, e da calzada). Unha regra práctica é a regra dos 2 segundos: manter polo menos 2 segundos de distancia co vehículo de adiante en condicións normais (máis en condicións adversas).

Confírmase que a resposta correcta é a ☒ b.

Pregunta 50.- Que é o "coeficiente de adherencia" e como se ve afectado polas condicións climáticas?

- a) **É a relación entre a forza de tracción e o peso do vehículo, e vese afectado pola choiva e a neve.**
b) É a relación entre a forza de tracción e o peso do vehículo, e vese afectado polo vento e a choiva.
c) É a relación entre a forza de tracción e o peso do vehículo, e vese afectado pola temperatura e a humidade.

O coeficiente de adherencia (tamén coñecido como coeficiente de fricción) é unha medida que describe a capacidade de tracción entre unha roda (ou zapata de freo) e a superficie sobre a que se move. Representase coa letra grega μ (mu) e non ten unidades. Como afectan as condicións climáticas?
Explicación: Choiva: Crea unha película de auga que reduce a fricción entre a roda e o pavimento. Neve ou xeo: Diminúen aínda máis o coeficiente de adherencia, facendo que o vehículo teña menos tracción e sexa máis difícil de controlar. En cambio: O vento non ten un impacto directo sobre a adherencia. A temperatura e a humidade poden influír indirectamente, pero non afectan o coeficiente de adherencia de forma tan directa como a choiva ou a neve. aínda que é verdade a temperatura e a humidade tamén poden, a choiva e a auga son as de maior afectación .

O coeficiente de adherencia (μ) é a relación entre o “valor máximo do esforzo de tracción ($T_{\text{máx}}$)” que se pode transmitir á roda” dividido polo “valor efectivo da carga (W) no eixo motor” . É certo que calquera condición climática (choiva, neve, vento, temperatura ou humidade) afectan á adherencia.

En conclusión: Calquera resposta pode ser correcta, polo tanto procédese á anulación desta pregunta e sustituirase pola primeira das preguntas de reserva.

Segundo.- En base o anterior, procédese a revisar as puntuacións acadadas polos tres aspirantes, resultando o seguinte:

					Preguntas de reserva				Puntuación
Código exame	acertos	fallos	En branco/ nulas	Núm preguntas a restar	acertos	fallos	En branco/ nulas	Total acertos (cunha pregunta de reserva)	
FENE2024LISPE00002	36	1	12	0	1	-	-	37	7,40
FENE2024LISPE00004	32	2	15	0	1	-	-	33	6,60
FENE2024LISPE00005	38	7	1	2	1	-	-	37	7,40

Código exame	Apelidos e nome	Puntuación
FENE2024LISPE00002	Alvariño Rodríguez Paulino	7,40
FENE2024LISPE00004	Martínez Galego Daniel	6,60
FENE2024LISPE00005	Permuy Rio David	7,40

Terceiro.- Relación de persoas aspirantes aprobadas ao ter superado todos os exercicios/probas da fase de oposición:

Núm orde	Apelidos e nome	1º exercicio	2º exercicio	3º exercicio	Puntuación final
1	Alvariño Rodríguez Paulino	exento	9,00	7,40	16,40
2	Permuy Rio David	exento	7,75	6,60	14,35
3	Martínez Galego Daniel	exento	6,80	7,40	14,20

En Fene, asinado dixitalmente o día 29.07.2025 pola secretaria do tribunal, Ana María Santano Martínez.